



Área / Unidad CONTRATACION CT0000 GVB	Documento 43018I000E	Sello
Código de verificación  3X60 073I 6I0T 4M21 0HV1	Expediente 851/2023/101	
	Fecha 02-01-2024	

Asunto

LOTES 1 E 2. CERTIFICADO MESA DE CONTRATACION DO 22 DE DECEMBRO DE 2023. REVISIÓN DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA REQUISITOS PREVIOS. SUBMINISTRACIÓN, SERVIZOS E OBRAS DE ESTACIÓNS E ANCORAXES, BICICLETAS CON ASISTENCIA AO PEDALEO, UN VEHÍCULO FURGÓN ELÉCTRICO E UN CENTRO DE LAVADO PARA AMPLIACIÓN E MELLORA DO SISTEMA PÚBLICO DE ALUGUEIRO DE BICICLETAS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA -NEXT GENERATION, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA

Dona MÓNICA VALES RODRÍGUEZ, xefa do Departamento do Servizo de Contratación e secretaria da Mesa de Contratación do Concello da Coruña,

CERTIFICA:

Que na Mesa de Contratación do 22 de decembro de 2023, coa asistencia de Manuel Ángel Jove Losada (presidente suplente), Martín González Rodríguez (vogal accidental), José Abelardo Blanco Serrano (vogal), Emilio Álvarez-Miranda Luzarraga (vogal), Pilar Fernández Maroño (vogal), Antonio Deus Álvarez (concelleiro do grupo político municipal PP) e Mónica Vales Rodríguez (secretaria), adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

5. REVISIÓN DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA REQUISITOS PREVIOS

5.1. – Licitación 851/2023/101.- LOTES 1 E 2

Subministración, servizos e obras de estacións e ancoraxes, bicicletas con asistencia ao pedaleo, un vehículo furgón eléctrico e un centro de lavado para ampliación e mellora do sistema público de alugueiro de bicicletas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia -Next Generation, financiado pola Unión Europea.

DECLARACIÓN AUSENCIA CONFLITO DE INTERESES

Ao obxecto de garantir a imparcialidade nos procedementos de contratación que se tratan na presente sesión, os membros da Mesa de Contratación presentes, subscriben o modelo de declaración de ausencia de conflito de intereses, recollido no Plan de Integridade e de Medidas Antifraudes na xestión de Fondos Europeos no Marco da Orde HFP 1030/2021 (PIMAC) aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 30 de decembro de 2021, o disposto en de a disposición adicional centésima décima segundo da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, e na Orde Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE nº 21, 25 de xaneiro de 2023), e, en consecuencia, declaran expresamente baixo a súa responsabilidade:

Primeiro.- Estar informado/s do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»



2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dea algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

4. Que o apartado 3 da Disposición Adicional centésima décima segundo da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, establece que «A análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese resulta de aplicación aos empregados públicos e resto de persoal ao servizo de entidades decisoras, executoras e instrumentais que participen, de forma individual ou mediante a súa pertenza a órganos colexiados, nos procedementos descritos de adxudicación de contratos ou de concesión de subvencións».

5. Que o apartado 4 da citada disposición adicional centésima décima segundo establece que:

– «A través da ferramenta informática analizaranse as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que se poida dar un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de interese, entre as persoas ás que se refire o apartado anterior e os participantes en cada procedemento».

– «Para a identificación das relacións ou vinculacións a ferramenta conterà, entre outros, os datos de titularidade real das persoas xurídicas ás que se refire o artigo 22.2.d.iii) do Regulamento (UE) 241/2021, de 12 febreiro, obrantes nas bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e os obtidos a través dos convenios subscribidos cos Colexios de Notarios e Rexistradores».

Segundo.- Que, no momento da firma desta declaración e á luz da información obrante no seu poder, non se atopa/n incurso/s en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de interese, nos termos previstos no apartado catro da disposición adicional centésima décima segundo, que poida afectar o procedemento de licitación/concesión de subvencións.

Terceiro.- Que se compromete/n a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto.- Coñezo que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.



ANÁLISE DE RISCOS DE CONFLITO DE INTERESE

A Secretaria da Mesa de Contratación fai constar, que, en virtude do previsto no artigo 4 da Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), e que regula aqueles aspectos que resultan necesarios para a aplicación da Disposición adicional centésima décima segundo da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, con carácter previo á valoración das ofertas ou solicitudes de cada procedemento, o responsable de operación solicitará e incorporará á ferramenta MINERVA da AEAT os datos que proceda para a realización daquel análise.

De acordo coa Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, non se podería continuar co procedemento no caso de que se detectase algunha circunstancia que poña de manifesto a existencia de risco de conflito de interese.

Obran no expediente dixital as peticións de análises de conflito de interese desta licitación, así como os informes de resultado da análise de riscos remitidos pola AEAT.

Faise constar pola Secretaria que, nesta licitación, non se detectou polo sistema MINERVA ningún risco de conflito.

LOTE 1: Subministración dun mínimo de 640 postos de ancoraxe, repartidos nun mínimo de 20 estacións eléctricas (450 puntos de ancoraxe con carga) e 10 estacións con panel solar / eléctricas (190 puntos de ancoraxe) compatibles co sistema de ancoraxe PBS02-003501-65 e compatibles tamén cos sistemas TIC e o software que xestiona o actual servizo BICICORUÑA.

*A Secretaria da Mesa informa os membros da Mesa que, segundo informe emitido polos técnicos do Servizo de Contratación tras a revisión da documentación acreditativa dos requisitos previos presentada, o licitador proposto adxudicatario do LOTE 1 (Subministración dun mínimo de 640 postos de ancoraxe, repartidos nun mínimo de 20 estacións eléctricas (450 puntos de ancoraxe con carga) e 10 estacións con panel solar / eléctricas (190 puntos de ancoraxe)), UTE Serveo Servicios, S.A.U. – PBSC Urban Solutions, INC., cumpriu adecuadamente o requirimento no prazo concedido para o efecto e presentado de forma correcta a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refire o artigo 140, apartado 1, letras a) a c) da Lei de Contratos do Sector Público, polo que os membros da Mesa acordan propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do **LOTE 2** desta licitación a favor de **UTE Serveo Servicios, S.A.U. – PBSC Urban Solutions, INC.***

LOTE 2: Subministración de bicicletas con asistencia ao pedaleo (eléctricas), compatibles co sistema de ancoraxe PBS02-003501-65 e o software de xestión empregado nas estacións actuais do servizo BICICORUÑA.

*A Secretaria da Mesa informa os membros da Mesa que, segundo informe emitido polos técnicos do Servizo de Contratación tras a revisión da documentación acreditativa dos requisitos previos presentada, o licitador proposto adxudicatario do LOTE 2 (Subministración de bicicletas con asistencia ao pedaleo (eléctricas), compatibles co sistema de ancoraxe PBS02-003501-65 e o software de xestión empregado nas estacións actuais do servizo BICICORUÑA), UTE Serveo Servicios, S.A.U. – PBSC Urban Solutions, INC., cumpriu adecuadamente o requirimento no prazo concedido para o efecto e presentado de forma correcta a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refire o artigo 140, apartado 1, letras a) a c) da Lei de Contratos do Sector Público, polo que os membros da Mesa acordan propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do **LOTE 2** desta licitación a favor de **UTE Serveo Servicios, S.A.U. – PBSC Urban Solutions, INC.***

E para que así conste, expido o presente certificado para os efectos oportunos e de incorporación ao expediente dixital do que trae causa.



Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA



Plan de Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

A Coruña, na data da sinatura dixital do presente documento.

A secretaria da Mesa

Mónica Vales Rodríguez

VºBº

O coordinador xeral da Área de Economía e
Planificación Urbana

Manuel Ángel Jove Losada